

PROCEDEMENTO PROVISIONAL PARA A SOLICITUDE DE DEFENSA DO TRABALLO DE FIN DE GRAO EN DEREITO CURSO 2023/2024

En tanto a Universidade de Vigo habilita a nova aplicación SIGMA para poder realizar a través da mesma todos os trámites relacionados co Traballo de Fin de Grao en Dereito, incluída a solicitude da defensa, a **Comisión Permanente** da Facultade de Dereito, na súa **reunión de 27 de outubro de 2023**, aprobou un procedemento provisional que substitúe á solicitude de defensa que se facía a través da Secretaría Virtual, que resulta incompatible con SIGMA.

Conforme ao acordo da Comisión Permanente e ás normas establecidas no Regulamento para elaborar o Traballo de Fin de Grao en Dereito da Facultade, o **procedemento provisional de xestión dos Traballos de Fin de Grao (TFG)** é o seguinte:

En cada prazo habilitado para a defensa do TFG distínguese un prazo de solicitude da defensa e un prazo de defensa. **No primeiro prazo (novembro)**, a **solicitude de defensa** deberá realizarse **entre o 3 e o 9 de novembro e a defensa** terá lugar na data que determine o tribunal, **entre o 20 e o 23 de novembro**.

No **PRAZO SINALADO PARA A SOLICITUDE DE DEFENSA** (no primeiro prazo, **do 3 ao 9 de novembro**), o estudante deberá presentar a seguinte documentación:

- I. Deberá **entregar en papel na área de Estudos de Grao** (Secretaría de Alumnado-planta baixa do Edificio):
 1. A **solicitude de defensa do TFG do Grao en Dereito** (para o alumnado do Grao en Dereito/ou para alumnado do PCEO ADE-Dereito) debidamente cumprimentada e asinada con dúas copias (copia para a/o estudante e copia para o Centro). Teñen á súa disposición en Moovi os impresos de solicitude no apartado DEFENSA TFG, no que tamén poden consultar os prazos de solicitude e de defensa.

IMPORTANTE: o título do traballo en galego, castelán e inglés deberá incluírse no Suplemento Europeo ao Título, polo que é importante que figure de forma clara, nos 3 idiomas, sen faltas de ortografía, coa puntuación correcta e evitando siglas e abreviaturas, salvo que sexan estritamente necesarias.

2. **Tres exemplares do traballo en soporte físico (papel)** para os membros do tribunal (o cuarto exemplar esixido polo Regulamento substituíuse pola entrega a través de MOOVI dun exemplar electrónico)

3. **O informe de idoneidade favorable á defensa cumprimentado e asinado polo tutor.** O impreso que debe cumprimentar e asinar a persoa titora remitiráselle coas indicacións pertinentes desde a secretaría do decanato, pero deberá presentalo a/o alumna/o co resto da documentación na área de Grao.

A presentación do informe favorable é un requisito preceptivo para que o alumnado poida solicitar a defensa do seu Traballo de Fin de Grao. Se o informe non é favorable, deberá motivarse. Excepcionalmente o tribunal poderá autorizar a defensa sen o informe favorable da persoa titora tras a petición formal e motivada da/o estudante. Nese caso, a/o alumna/o deberá presentar a autorización do tribunal á defensa.

- II. Deberá, ademais, **entregar** no mesmo prazo **un exemplar en formato electrónico pdf que terá que subir á plataforma virtual do Traballo de Fin de Grao en MOOVI** na apartado ENTREGA TFG no módulo creado para subir traballos no prazo de defensa que se solicita -no primeiro prazo, **“Entrega TFG 1º prazo (3-9 novembro)”**-. O nome do arquivo debe corresponder cos apelidos da/o estudante que solicita a defensa. Este exemplar electrónico substitúe, por acordo da Comisión Permanente de 1 de xuño de 2021, ao cuarto exemplar en soporte físico que esixía o Regulamento para o seu depósito no Decanato e que non debe entregarse xa en papel.

Respecto ao **ACTO DE DEFENSA DO TFG**, determinarase a data polo tribunal avaliador dentro do período que corresponda -no primeiro prazo, **entre o 20 e o 23 de novembro**-. A acta do tribunal na que, en cada un dos 5 prazos habilitados no presente curso académico, se convoca ao alumnado para o acto de defensa, porase a disposición do mesmo en MOOVI no apartado TRIBUNAL. Na devandita acta concretarase o día e hora de apertura do acto e de inicio das defensas, así como a orde das intervencións.

Para calquera dúbida ou aclaración sobre o procedemento de solicitude de defensa do TFG, poden dirixirse á Área de Estudos de Grao na planta baixa: grao.xuridicoempresarial@uvigo.es

Teléfonos: 988 368 919 – 988 368 920.